



ACTA Nº 9.- SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CONSTITUIDO PARA A SELECCION DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO (QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE A OFERTA PUBLICA DE EMPREGO 2014-2015-2016): LECTURA SEGUNDO EJERCICIO.-

No despacho da Secretaria de Administración Municipal sendo as nove horas e quince minutos do día dous de decembro de dous mil vinte e un, reúnese as persoas que a continuación se relacionan como membros do tribunal cualificador no proceso selectivo referenciado designado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2021,

Presidenta Suplente: . Beatriz Domínguez Pereira, Técnico de Administración Xeral.

Secretaria titular: Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal

Vogal 2 Titular: Lorena López Rodríguez. Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Reunidos os membros do tribunal procédese a resolución da reclamación presentada por Carlos Gómez Costas en data 1.12.2021 na que solicita a revisión do exame.

Segundo as bases do proceso selectivo que rexe a convocatoria o segundo exercicio do proceso selectivo << *desenvolverase por escrito, durante o período máximo de dúas horas e consistirá na resolución de dous supostos teórico-prácticos de carácter procedemental e administrativo que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo ás tarefas administrativas propias da subescala. Durante o desenvolvemento desta proba as/os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos.*

Non se permitirá o manexo de textos comentados, libros de formularios nin de dispositivos dixitais. Neste exercicio avaliarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a vinte (10) puntos; é necesario para superalo obter unha puntuación mínima de dez (5) puntos.>>

Segundo as bases que rexe a convocatoria neste exercicio avaliarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados polo que cómpre manifestar que non nos atopamos diante dun tipo test, no que a resposta é ou non é correcta, senón ante un tipo de proba que require da ponderación da resposta de tal forma que en función desta se asigna unha ou outra nota, polo que respostas igualmente correctas poden ser resoltas polas aspirantes de diferente forma e ser, polo tanto, merecedoras de diferente puntuación. Do mesmo xeito non é suficiente para considerar unha resposta como correcta cando se inclúan algunha afirmación correcta pero se acade un resultado erróneo, confuso ou incongruente. Neste senso, non debe esquecerse que,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2021 11:18	Páxina 1 de 3
37984-220	CSV: ABA5AF-B93B26-B124EH-2GZXZ-4SUZEC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

como senta o TS na sentenza do Tribunal Supremo de 17 do decembro de 2020 (rec.312/2019), neste tipo de exame a comparación entre eles é necesaria, pois estamos ante un proceso selectivo no que o tribunal ten que optar por aqueles candidatos que demostren maiores coñecementos dentro das prazas ofertadas.

Segundo consta na acta de data 22.11.2021 o aspirante Carlos Gómez Costas obtivo unha puntuación de NON APTO

APELIDOS, NOME	CASO PRÁCTICO 1	CASO PRÁCTICO 2
Carlos Gómez Costas	A resposta é correcta mais carente de explicación	Únicamente acerta no prazo mínimo de 30 días
	A resposta é correcta e pegada a norma	Resposta incorrecta
	A primeira resposta non é correcta e a segunda sí aínda que sin esforzo argumental e sen acertar no concreto precepto que apunta a calquera fase do procedemento	En xeral, é correcta a primeira parte mais non analiza a notificación aos concelleiros
	A resposta é correcta, reproduce o artigo e non o cita	Resposta incorrecta
	Non responde a se pon fin á vía administrativa	Resposta incorrecta
	A proba é moi breve, casi telegráfica e a penas pode considerarse compensación entre ambos casos. A penas existe un esforzo por argumentar moitas das respostas e algunhas das máis explicadas son incorrectas, as dúas últimas preguntas resólvense dunha forma confusa	

Revisado o exame resulta que o opositor é escueto nas súas respostas, limitándose ao literal dos artigos polo que se observa que a solución dada a moitas das preguntas non se acompaña dun esforzo argumental que serva para observar e premiar a capacidade de relación de conceptos xurídico-administrativos, o dominio do procedemento administrativo ou que den mostra dun certo nivel de solvencia respecto do coñecemento das materias tratadas.

Así mesmo no Caso 1, pregunta 3 o aspirante omite a referencia ao Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos,. Neste senso o artigo 3.2 de dito Real Decreto determina que os efectos da comunicación produciranse a partir do quinto día hábil seguinte a aquel en que o órgano competente para tramitar o procedemento tivese constancia da mesma. Así mesmo responde incorrectamente a pregunta quinta en tanto que sinala que o acto non pon fin á vía administrativa cando o correcto resulta que dito acto sí pon fin ao procedemento administrativo conforme o artigo 52.2 da LRBRL que establece que as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á devandita vía e tamén en virtude do artigo 114.1 da LPACAP, letras c) (órgano sen superior xerárquico) e g) (por prevelo así unha disposición con rango de lei).

Respecto ao Caso 2, na primeira pregunta o opositor omite a referencia ao órgano competente e aos medios de publicidade (artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais). Así mesmo responde incorrectamente a segunda pregunta en tanto que a ordenanza é unha disposición de carácter xeral polo que non cabe a interposición de recurso administrativo (artigo 112 da LPAC e artigo 19 do TRLHL) polo que debería inadmitirse ao tratarse un acto non susceptible de recurso (artigo 116.d da Lei 39/2015). Respecto a pregunta terceira o artigo 79 do ROF non recolle previsión específica algunha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2021 11:18	Páxina 2 de 3
37984-220	CSV: ABA5AF-B93B26-B124EH-2GZXXZ-4SUZEC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sobre o requisito de maioría absoluta para que prospere a ratificación da urxencia da sesión, polo que se conclúe que o quórum esixible para a ratificación da urxencia dunha sesión extraordinaria e urxente é de maioría simple nos termos do art. 99 ROF. O opositor responde incorrectamente ao sinalar que se require maioría absoluta na ratificación da urxencia.

Respecto a cuarta pregunta o opositor responde incorrectamente/non responde en tanto que os municipios de gran poboación corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación da RPT polo que llo acordo sería nulo por adoptarse por órgano incompetente pola razón da materia (artigo 47.1. b) da LPAC). E respecto a pregunta cuarta e quinta o aspirante sinala que os acordos son nulos por non observar o artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de bases, de réxime local. Fai unha referencia ao quórum requirido na aprobación do regulamento orgánico pero non conclúe claramente na súa resposta respecto da conformidade ou non do acordo á lei .

O aspirante obtivo una puntuación total de 4,12 polo que non acada a puntuación mínima esixida para superar o exercicio (5)

Polo exposto os membros do tribunal acordan desestimar a reclamación formulada polo aspirante Carlos Gómez Costas.

Sendo as dez horas a Presidencia da por rematada a sesión, do que eu, secretaria, dou fe, co visto e praxe da Presidenta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2021 11:18	Páxina 3 de 3
37984-220	CSV: ABA5AF-B93B26-B124EH-2GZXXZ-4SUZEC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		